Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A fonte de San Xermán de Doade

Xa hai moitos anos foron segar a Castela uns homes de Amandi e de Doade, Sober (Lugo). E un día, collendo auga nunha fonte do Guadarrama, presentóuselles unha muller moi fermosa que lles preguntou de onde eran e, en canto lle contestaron, dixo:

¡Fonte de San Xermán, cano de ouro!

E despois pediulles o favor de levar unha torta á fonte de San Xermán de Doade, que en canto chegasen de volta que fosen á fonte e que dixesen:

¡Fonte de San Xermán, cano de ouro!

E que se lles había de aparecer unha muller para recoller a torta.

Cando regresaron para a casa os segadores esqueceron ir á fonte de San Xermán e ós tres días escoitaron unha voz que lles dixo:

¡Ai, o que perdestes! ¡Fonte de San Xermán, fonte de ouro!

Quen falaba era a muller encantada na fonte de San Xermán. Se lle entregaran a torta quedaría libre do encantamento e faríaos ricos.

Como non cumpriron, a moza seguiu co seu encanto e os segadores sen cartos nin riquezas.

Esta fonte, hai quen lle di de San Xermunde, nace entre dous seixos e cóntase que tamén houbo nela un mouro moi rico encantado; se houbese quen soubese as palabras para desencantalo, faríase rico. Pero como non houbo

quen o desencantase, o mouro morreu.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

VARIOS AUTORES. Sober. Lugo, Servicio de publicacións da Deputación provincial de Lugo, 1998.

Bibliografía:

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos, Xerais, Vigo, 1999.